





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19



En relación coa pregunta con resposta escrita núm.: **26414**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Manuel Parga Núñez e D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“o ensino de idiomas na comarca da Barbanza”**, (publicada no BOPG núm.: 492, do 1 de febreiro de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar informar que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten previsto ofertar ensinanzas de idiomas no ámbito da comarca da Barbanza.

A través da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, co obxectivo de dar resposta ás demandas de aprendizaxe de linguas de réxime especial nas escolas oficiais de idiomas no curso 2007/2008, estableceu dúas liñas de actuación:

a) Incremento de oferta de idiomas nas EEOOII xa existentes: atendendo as demandas sociais, por motivos fundamentalmente de índole empresarial, impartición dos idiomas chinés e xaponés no presente curso nas EEOOII de Coruña e Vigo. Así mesmo, ampliouse a oferta de portugués na EOI de Ferrol e de italiano na EOI de Vilagarcía. Incrementouse a oferta dos idiomas xa



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

ofertados pero dirixidos ao funcionariado galego a través da impartir de cursos de linguaxe administrativa galega, trala firma dos pertinentes acordos coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, e de formación do profesorado nas EEOOI das principais cidades de Galicia.

b) Creación de novas seccións de EOI para a impartición do/s idiomas máis demandados, nos centros e localidades seguintes, ta el como detallamos:

IES Fernando Blanco de Cee	(inglés)
IES Cruceiro Baleares de Culleredo	(inglés)
IES de Sar de Santiago de Compostela	(inglés)
IES Ramón M ^a Aller Ulloa de Lalín	(inglés)
IES Alexandre Bóveda de Vigo	(inglés)
IES San Paio de Tui	(inglés, francés e portugués)
IES Rodeira de Cangas	(inglés e francés)
Virxe do Mar de Noia	(inglés)

A creación destas seccións obedece ao primeiro gran intento de cubrir o tecido da xeografía galega. Coa oferta iniciada no presente curso, a Sección da EOI de Santiago de Compostela no IES "Virxe do Mar" de Noia pretende cubrir as demandas da comarca de Noia (Outes, Lousame, Porto do Son e Noia) así como as de Muros e as do Barbanza como punto xeográfico central.

Esta política de creación de seccións está fundamentada en estudos de viabilidade á vista da estimación sobre o crecemento da demanda, así como da experiencia acumulada polos centros que acollen estas seccións e que estiveron participando durante moitos anos no Plan de Potenciación de Linguas e o Programa 'That's English', que permitían cursar o ciclo elemental das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

En canto á planificación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cara a creación dunha Escola Oficial de Idiomas ou sección no

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

Barbanza, comunicar que seguindo coa súa política de extensión da oferta de idiomas de réxime especial, cuxas liñas de actuación deron comezo coa creación no curso 2006/2007 das seccións do Barco e Verín, está a estudar necesidades e actuacións futuras; aínda que, a curto prazo, non está prevista a apertura doutra sección de EEOOII no Barbanza".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia